



FICHA ISAD(G) DA HOSPITAL DE POBRES DE VIGO

1.- ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

Código(s) de referencia	ES.GA.36057.AM.VIG.9
Título	HOSPITAL DE POBRES DE VIGO
Datas	1773-1887
Nivel de descrición	Fondo
Volume e soporte	4 unidades de instalación con 44 expedientes ou agrupacións documentais en soporte papel na súa totalidade

2.- ÁREA DE CONTEXTO

Nome do produtor	Hospital de Pobres de Vigo
Historia administrativa (ISAAR)	A Obra Pía do Hospital de Pobres de Vigo ten os seus antecedentes 1616 mediante a fusión, ordenada polo bispo de Tui Juan García de Valdemora, de dous establecementos previos: o Hospital del Espíritu Santo e o Hospital de María Magdalena. Non obstante, non será até 1753, mediante a refundación por vontade testamentaria de José Antonio Martínez, comerciante de Veracruz, cando xurda a obra pía do Hospital de Pobres e peregrinos e da Escola para Nenos de Primeiras Letras. Este hospital conformaríase como a única infraestrutura sanitaria e de beneficencia con que contaba a vila de Vigo durante o século XVIII e comezos do século XIX. Desde a súa refundación o hospital atendía aos pobres doentes e necesitados da vila, pero tamén a forasterios e peregrinos. As instalacións do Hospital estaban situadas nun edificio da denominada Rúa Oliva, lindeira a casa señorial do fidalgo Villavicencio, construído durante a invasión inglesa de 1719. A desaparición do Hospital ven dado por acordo plenario do Concello de Vigo polo que se debía entregar os caudais, documentos e enxoval que pasarían, o 30 de xuño de 1834, á Xunta de Caridade. Tras a desamortización de Mendizábal, en 1839 cedeuse o convento de San Francisco do Berbés para instalar un novo hospital e hospicio para prestar servizo á vila de Vigo
Institución arquivística	Arquivo municipal de Vigo
Historia arquivística	
Forma de ingreso	Descoñécese

3.- ÁREA DE CONTIDO E ESTRUCTURA

Alcance e contido	O fondo do Hospital de Pobres é un pequeno fondo composto de catro unidades de instalación e corenta rexistros, ocupando un total de 0,44 metros lineais. A súa documentación
-------------------	---



	distribúese entre 1773 e 1845, sendo o documento máis antigo que se conserva un “Preito mantido entre Juan Villavicencio e Pedro Patiño Bermúdez de Cea, administrador da Obra Pía do Hospital de Pobres, relativo a construción dunha obra doméstica que podería afectar ao Hospital de Pobres”. A maior parte da documentación depositada corresponde a contas, aínda que moitas veces estas inclúen os partes dos doentes, podendo coñecerse o número de ingresados, as súas afeccións ou as esmolos con que eran socorridos. Consérvase, ademais, un expediente de correspondencia entre o Goberno Civil de Pontevedra e o Concello de Vigo que achega valiosa información sobre a historia do sanatorio e da súa documentación, a través da que sabemos que en 1834 xa se tiña extraviado boa parte do arquivo da entidade, incluíndo as escrituras de fundación.
Valoración, selección e expurgo	Non se realizou ningún expurgo dado a pequena dimensión do fondo e o seu carácter patrimonial e de conservación permanente.
Novos ingresos	Non se esperan novos ingresos dado que se trata dun fondo pechado pertencente a unha institución desaparecida.
Organización	Este fondo documental está composto por dúas series documentais: 1.- Expedientes do Hospital de Pobres (1773-1839) 2.- Contabilidade do Hospital de Pobres (1782-1887)
4.- ÁREA DE CONDICIÓNS DE ACCESO E UTILIZACIÓN	
Condicións que rexen o acceso	Documentación patrimonial de libre acceso.
Condicións de reprodución	Reprodución libre a solicitude do interesado, coa excepción da protección documental e da salvagarda da súa integridade.
Notas da lingua/escritura dos documentos	Castelán
Características físicas e requirimentos técnicos	Documentación en soporte papel na súa totalidade. Aprécianse notables perdas documentais.
Instrumentos de descrición	Índice en papel. Catálogo en proceso de informatización.
5.- ÁREA DE DOCUMENTACIÓN ASOCIADA	
Existencia e localización de orixinais	Non se coñece a existencia de orixinais fóra do arquivo municipal.
Existencia de localización de copias	Non se coñece a existencia de copias
Unidades de descrición relacionadas	
Nota de publicación	
6.- ÁREA DE NOTAS	
Notas	
7.- ÁREA DE CONTROL DA DESCRICIÓN	



Notas do arquivreiro	Descrición realizada polo persoal técnico do municipal de Vigo e colaboradores
Notas do arquivreiro	Primeira versión: Novembro de 2020
Regras ou normas	General International Standard Archival description, Second Edition, ISAD (G) Norma Galega de Descrición Arquivística (NOGADA)
Data da descrición	Novembro de 2020
Estado de elaboración	Borrador
Nivel de detalle	Parcial
Idioma	Galego
Fontes	